
Factores de dispersión da contaminación:

Antes de empezar a estudar estes factores hai que coñecer qué se entende por emisión. Emisión é a cantidade de 1 q¹ que verte un foco emisor nun período de tempo determinado. O valor desta emisión mídese na saída do foco e téñense en conta tanto os contaminantes primarios como os 2² resultantes das múltiples reaccións que teñen lugar na atmosfera, un medio que recibe enerxía solar e contén substancias químicas de alto poder oxidante.

Finalmente, dise que a 3³ é a cantidade de contaminantes presentes nunha atmosfera determinada unha vez que foron transportados, difundidos e mesturados nela, e aos que están expostos os seres vivos e os materiais que se atopan baixo a súa influencia. Se estes niveis non son adecuados diminúe a calidade do aire orixinándose os efectos negativos sobre os distintos receptores e o ecosistema no seu conxunto.

Os factores de dispersión son os seguintes:

- Características das 4⁴ contaminantes: veñen determinadas pola natureza do contaminante, a súa concentración, as súas características físico-químicas e a velocidade de emisión, xa que a maior velocidade, máis facilidade para atravesar unha 5⁵ por exemplo. Cando a temperatura da emisión é maior que a do medio, o gas ascende e facilita a súa dispersión.
- Condicións atmosféricas: o estado e movemento das masa de aire condiciona a 6⁶ atmosférica que facilita ou dificulta a dispersión das emisións. As situacións anticiclónicas ou de estabilidade atmosférica dificultan a 7⁷ dos contaminantes e aumentan os seus niveis de inspiración. A situacións ciclónicas, ou de borrascas, ou de inestabilidade atmosférica, facilitan a dispersión da contaminación. Mentres que as situacións de inversión térmica, dificultan enormemente a dispersión dos contaminantes, sendo ou podendo chegar a provocar situación de perigosidade pública nalgúns casos.
- Hai que destacar:
- A temperatura do aire e as súas variacións coa altura: 8⁸ de temperatura, ventos, inversións térmicas... inflúen na dispersión; destacan as inversións, pois o aire cálido en altura impide a dispersión das emisións.
- Ventos: dinámica horizontal atmosférica, a súa dirección, velocidade e turbulencia, sendo esta última un factor de acumulación, mentres que a 9⁹ e velocidade facilitan a dispersión.
- Precipitacións: 10¹⁰ o aire ao arrastrar parte dos contaminantes ao chan favorecendo a súa dispersión.
- Insolación: favorece as 11¹¹ entre precursores de contaminantes secundarios aumentando, loxicamente, a súa concentración.
- Características 12¹²: a situación xeográfica e o relevo teñen grande influencia na orixe dos ventos que dispersan ou acumulan contaminantes. Así:
 - o En zonas 13¹³ a brisas cara ao interior de día e viceversa de noite fan unha dispersión cíclica cada día.
 - o Vales fluviais: xeran brisas de val e montaña. De día quéntanse as 14¹⁴ e 15¹⁵ estas, que son aproveitadas polos contaminantes para ascender, quentan o aire. Pero no fondo dos vales acumúlase unha masa de aire frío, o que dá lugar a unha inversión térmica que impedirá o movemento das masas de aire e dificultará a dispersión dos contaminantes. De noite o chan cede calor e o aire frío acumúlase no val descendendo polas abas, 15¹⁵ a situación.

-
- Presenza de 16: diminúe a cantidade de contaminación, freando o aire e depositando substancias na 17, ademais, a fotosíntese é un sumidoiro de CO2 actuando como o seu regulador.
 - Presenza de 18: diminúen ou frean as correntes de aire e forman turbulencias. Por outro lado, o efecto 19, con máis temperatura no centro da urbe que na periferia, dificulta a dispersión dos contaminantes orixinando a denominada cúpula de contaminantes ou 20 que ondea sobre algunhas cidades como un ronsel. Esta cúpula de contaminantes vese favorecida polos anticiclóns e pode ser eliminada polas precipitacións, manchando fachadas nalgúns casos de forma espectacular.

emisións	inversión térmica	dispersión	dirección	reaccións
lavan	nube tóxica	vexetación	repetíndose	inspiración
núcleos urbanos	estabilidade	secundarios	contaminantes	follaxe
illa de calor	costeiras	gradientes verticais	oroxénicas	abas